



INSTRUCCIÓN 3/2014 DA VICERREITORÍA DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS, POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS SOBRE A GRATUIDADE DOS RECOÑECEMENTOS DE CRÉDITOS.

O apartado 3 do artigo 8 do Decreto 77/2014, do 20 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos que conducen á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional na ensinanza universitaria para o curso 2014/2015, establece que: "O recoñecemento de créditos, regulado polo RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, é a aceptación por unha universidade dos créditos que tendo sido obtidos nunhas ensinanzas oficiais na mesma ou outra universidade, son computados noutras distintas a efectos da obtención dun título oficial. Este recoñecemento será gratuito para os créditos que conducen á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados conforme a un plan de estudos, se proveñen de centros públicos. Esta mesma consideración estenderase aos estudos cursados en titulacións que, por transformación, son substituídas polas novas de Grao.

No caso de créditos que conducen á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, o alumno terá que aboar á universidade que realice o recoñecemento o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo".

Téndose recibidas diversas consultas solicitando aclaracións a este respecto e habida conta da consideración de que no EEES non existe o criterio de igualdade entre titulacións que se daba na anterior ordenación académica, é conveniente regular o mandato que se recolle no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 77/2014.

A estes efectos, ao abeiro do establecido na Disposición adicional única, da Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos, para titulacións adaptadas ao EEES, mediante a que se desenvolve o RD 1393/2007, do 29 de outubro, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 30/06/2011,

DISPOÑO:

Primeiro.- Recoñecemento de créditos entre titulacións universitarias oficiais de Grao.

Na Universidade da Coruña (UDC) o recoñecemento de créditos será gratuito para os créditos que conducen á obtención dunha titulación oficial que posúa a mesma denominación que a titulación oficial da universidade de orixe do solicitante dos recoñecementos.

Será gratuito tamén entre aquelas titulacións de Grao que, aínda que non teñan a mesma denominación, proveñan das mesmas titulacións oficiais da ordenación académica anterior. Neste caso, o solicitante dos recoñecementos deberá acreditar a procedencia da súa titulación de Grao mediante unha certificación da súa universidade de orixe.

Segundo.- Recoñecemento de créditos entre titulacións universitarias oficiais da ordenación académica anterior e titulacións universitarias oficiais de Grao.

A mesma consideración de gratuidade se estenderá aos estudos de orixe do solicitante cursados en titulacións oficiais que por transformación son substituídas polas novas de Grao.



Aplicarase a mesma solución no caso de que as titulacións non se cursasen na UDC, senón noutra universidade pública; pero sempre que fosen as mesmas titulacións que na UDC deron orixe ao Grao no que se pretenden recoñecer créditos.

En todos os casos indicados nos apartados primeiro e segundo desta Instrucción, para que os recoñecementos sexan gratuítos, será necesario que a titulación de orixe do solicitante se impartise nun centro público.

Terceiro.- Recoñecemento de créditos entre titulacións universitarias oficiais distintas.

No caso de créditos que conducen á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, o alumno deberá aboar á UDC o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo do Decreto 77/2014, do 20 de xuño.

Cuarto.- Recoñecemento de créditos en estudos oficiais de posgrao.

Os prezos a aboar pola acreditación de competencias que conduzan ao recoñecemento de créditos serán o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo do Decreto 77/2014, do 20 de xuño.

Quinto.- Recoñecemento de créditos superados noutras ensinanzas superiores oficiais, en ensinanzas universitarias conducentes á obtención doutros títulos, ou a partir da experiencia profesional ou laboral.

Os prezos a aboar pola acreditación de competencias que conduzan ao recoñecemento de créditos serán o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo do Decreto 77/2014, do 20 de xuño.

O procedemento, sistema e criterios para efectuar os recoñecementos de créditos son os establecidos na Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos, para titulacións adaptadas ao EEES, mediante a que se desenvolve o RD 1393/2007, do 29 de outubro, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 30/06/2011.

Esta Instrucción será de aplicación a partir do curso académico 2014/2015.

A Coruña, 3 de setembro de 2014

O Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías

Asdo. Julio Ernesto Abalde Alonso